

Este fragmento da **novela** O porco de pé de Vicente Risco, publicada en 1928, é un exemplo da aparición da narrativa moderna na nosa literatura galega no primeiro terzo do século XX. O nacemento das **Irmidades da Fala** en 1916, organización que unía as reivindicacións lingüísticas con outras de carácter político, creou o caldo de cultivo para que en 1920 se formase o **Grupo Nós**, formado polos ourensáns Vicente Risco, Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas, ós que, posteriormente, se uniu Castelao. Os integrantes do chamado cenáculo ourensán pertencían a unha pequena burguesía de ascendencia fidalga e posuían una enorme formación cultural nas correntes literarias e filosóficas europeas de principios do século XX. Estes mudaron o seu individualismo a prol dun traballo colectivo na causa galeguista, que deu lugar a aparición da **revista Nós**. A súa contribución foi enorme para que se producise un novo Rexurdimento literario, esta vez no terreo da **narrativa** e do ensaio.

Neste texto aparece un **narrador** en terceira persoa, omnisciente, que describe o **personaxe principal** da novela, don Celidonio. A través dun **retrato** pormenorizado do seu aspecto físico: “gordo e atrítico”, no que son contínuos os **símiles** co porco, ten “serdas” na calva, en vez de pelo; no aspecto psíquico, tampouco lle queda ningunha dúbida ó lector: “Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga”. En todo o momento aparece como un personaxe desposuído das súas características humanas.

O resto de **personaxes secundarios** que aparecen no texto, tamén están descritos con características negativas. Don Baldomero, do que foi mancedo don Celidonio, “tiña a gadoupa enguruñada, adoito para apañar as cadelas”; dona Emerenciana “metía na praza moeda falsa” e a Nicasia “tiña un xenio coma un can adoecido”. Outra vez a figura estilística máis abundante no texto son os **símiles** ou **comparacións**, que serven para deshumanizar os personaxes.

No tocante ó **espazo** sabemos cal é a procedencia destes comerciantes, proviñan de Castela e explícasenos, na segunda parte do texto, como se asentaron no Ourense de principios do século XX (**tempo da historia**), chegando a rexentar una tenda na Praza Maior desta vila.

En definitiva, a **temática** de que trata este fragmento da novela é a crítica a esta nova clase social, esta burguesía de ascendencia castelá, que representa o triunfo do vulgar e do espírito **materialista** a través da caricatura destes personaxes ós que o narrador parodia empregando a sátira e a ironía, en todo momento, e represéntaos como seres baleiros e profundamente avaros. Así mesmo, dá pé a que entendamos sen ningún lugar a dúbida a **metáfora** que dá título á novela.